



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE




Escola
Oficial
de
Idiomas

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2024-2025

DEPARTAMENTO DE ESPAÑOL PARA
ESTRANXEIROS

INTERMEDIO B1



ÍNDICE

1. Definición do nivel B1.....	3
2. Obxectivos xerais.....	3
2.1 Comprensión de textos orais.....	4
2.2. Comprensión de textos escritos.....	4
2.3. Producción e coprodución de textos orais.....	4
2.4. Producción e coprodución de textos escritos.....	4
3. Obxectivos específicos.....	4
3.1. Comprensión de textos orais.....	4
3.2. Comprensión de textos escritos.....	5
3.3. Producción e coprodución de textos orais.....	5
3.4. Producción e coprodución de textos escritos.....	5
3.5. Mediación oral e escrita.....	6
4. Contidos. Secuenciación e temporalización.....	6
5. Recursos didácticos.....	20
6. Ensino semipresencial e en liña.....	20
6.1. Metodoloxía e actividades durante a docencia semipresencial e non presencial.....	20
6.2. Información, publicidade e detección de situacións de vulnerabilidade.....	22
7. Metodoloxía e avaliación (Ver documento “Partes comúns” na web).....	22

1. Definición do nivel B1

De acordo co R.D. 1629/2006 e a Lei Orgánica de Educación de 2006, o programa para Intermedio ten como referencia o nivel B1 do Marco Europeo. Este nivel é definido no Marco Europeo e especifica que o alumno ten conseguido o nivel A2 (Usuario Básico). O nivel B1 que consta de dous cursos (Intermedio 1 e Intermedio 2) defínese como segue:

“É capaz de entender os puntos principais dunha información clara de rexistro estándar en temas cotiáns que se encontran normalmente no traballo, na escola, en situacións de ocio, etc. É capaz de defenderse na maioría de situacións que poden xurdir cando se viaxa por unha zona onde se fala o idioma obxecto de estudo. É capaz de producir textos sinxelos unidos por conectores sobre temas cotiáns ou de interese persoal. É capaz de describir experiencias e sucesos, soños, esperanzas e ambicións e de dar breves razóns e explicacións referentes a opinións e plans.”

Por outra parte, a lexislación Galega (DOG 191/2007) 20 Setembro) declara que este nivel *“supón utilizar o idioma con certa seguridade e flexibilidade, receptiva e produtivamente, tanto na forma falada como na escrita, nunha variedade de situacións que requiran comprender e producir textos en lingua estándar, con estruturas habituais e un repertorio léxico de uso frecuente, e que versen sobre temas xerais, cotiáns ou polos que se ten un interese persoal”*.

A lexislación establece que a duración de cada curso do Nivel Intermedio será de 130 horas, que corresponden cun ano escolar.

2. Obxectivos xerais

O Nivel Intermedio B1 ten como referencia o nivel B1 do *Marco común* europeo de referencia para as linguas. Neste nivel o alumno adestrarase en:

- Utilizar o idioma como medio de comunicación e de expresión persoal, tanto na clase, como en situacións habituais e sobre temas coñecidos.
- Comprender, interactuar e expresarse nesas situacións, oralmente e por escrito, con algunha fluidez, de forma adecuada, sacando partido dun repertorio lingüístico sinxelo, pero amplo.
- Incrementar o coñecemento dos aspectos socioculturais relacionados coas situacións habituais, así como cos que se refiran ao propio ámbito e utilicen as fórmulas sociais, rexistro e tratamento apropiados nesas situacións.
- Interiorizar os recursos lingüísticos adecuados e necesarios para as actividades comunicativas previstas, a través da práctica funcional e formal.
- Fomentar e diversificar o uso das estratexias que axilicen a comunicación e a aprendizaxe.
- Manexar ferramentas para avaliar e mellorar o propio aprendizaxe e o uso da lingua.

Estes obxectivos xerais concréntanse, segundo a liña metodolóxica exposta anteriormente no apartado común desta programación, en obxectivos de acción (actividades con especificación de contorno, destreza e nivel de actuación)

2.1 Comprensión de textos orais

Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes de textos orais claramente estruturados e en lingua estándar, articulados a

velocidade lenta ou media e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poida volver escoitar o que se dixo

2.2. Comprensión de textos escritos

Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes de textos escritos claros e ben organizados, en lingua estándar e sobre temas xerais, actuais ou relacionados coa propia especialidade.

2.3. Producción e coproducción de textos orais

Producir textos orais ben organizados e adecuados ao interlocutor e ao propósito comunicativo e desenvolverse cunha corrección, fluidez e espontaneidade que permitan manter a interacción, aínda que ás veces resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas para planificar o discurso ou corrixir erros e sexa necesaria certa cooperación por parte dos interlocutores.

2.4. Producción e coproducción de textos escritos

Escribir textos sinxelos e cohesionados, sobre temas cotiáns ou polos que se ten un interese persoal, nos que se pide ou transmite información, se narran historias, se describen experiencias, acontecementos reais ou imaxinados, sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións, se xustifican brevemente opinións e se explican plans.

3. Obxectivos específicos

O currículo do Nivel Intermedio está organizado atribuíndolle obxectivos xerais e obxectivos específicos a cada destreza. Eles serán os referentes de todo o proceso de ensino-aprendizaxe. O seu grao de adquisición está definido e acoutado nos criterios de avaliación.

3.1. Comprensión de textos orais

- Comprender información concreta en conversas informais relativas a temas cotiáns ou relacionadas co traballo, realizadas cun discurso articulado con claridade, en lingua estándar e a unha velocidade media.
- Seguir as ideas principais dun debate longo que trate de temas coñecidos e previsibles, articulado con claridade e nun nivel de lingua estándar que poida conter expresións fixas, locucións e estruturas idiomáticas moi frecuentes.
- Comprender suficientemente o contido de conversas formais e reunións de traballo, que versen sobre a súa especialidade e se desenvolvan a unha velocidade normal, estruturadas con claridade e sen moitos usos idiomáticos.
- Comprender a maior parte das películas e representacións teatrais, programas de TV, textos audiovisuais ou material gravado, nos que se fale articulando con claridade, cun nivel de lingua estándar e unha trama sinxela e predicible, e nos que existan, se é o caso, apoios visuais de carácter redundante.
- Comprender información técnica sinxela e seguir indicacións detalladas expostas ordenadamente e a velocidade media.
- Utilizar estratexias que faciliten a comprensión mediante o uso de claves lingüísticas e non lingüísticas.

3.2. Comprensión de textos escritos

- Seguir a liña argumental xeral dun texto narrativo ou literario contemporáneo de estrutura sinxela e amplo repertorio léxico, sen usos idiomáticos rexionais ou sociais, aínda que non se entenda na súa totalidade.
- Localizar a información necesaria nun texto extenso ou en varios co fin de realizar unha tarefa específica.

- Distinguir, en textos informativos, narrativos, argumentativos e descritivos redactados en lingua estándar, as ideas e conclusións principais e recoñecer información específica se o asunto é coñecido.

3.3. Producción e coprodución de textos orais

- Establecer con certa fluidez contactos sociais sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de cortesía, de inicio, mantemento e peche da interacción e expresións fixas e frecuentes, cunha ampla diversidade de funcións lingüísticas.
- Desenvolverse en transaccións da vida cotiá, enfrontándose con relativa naturalidade e fluidez a situacións variadas, e dar nelas argumentos ou explicacións de forma básica, eficaz e comprensible.
- Narrar unha historia ou unha noticia.
- Describir un programa de televisión.
- Expresar puntos de vista con claridade en discusións formais e reunións de traballo, ofrecendo breves razoamentos e expresando opinións de forma básica, eficaz e comprensible.
- Realizar con razoable fluidez narracións e descricións sinxelas seguindo unha secuencia lineal de elementos, expoñendo experiencias, feitos, esperanzas, aspiracións e crenzas.
- Facer unha presentación breve e preparada sobre un tema do seu interese, coa suficiente claridade como para poder seguilo sen dificultade –aínda que fagan falla aclaracións ou repeticións–, explicando as ideas principais cunha precisión razoable e respondendo adecuadamente a preguntas.
- Seguir unha entrevista sinxela estruturada, cun guión establecido con anterioridade, e confirmar nela información, realizar preguntas complementarias ou responder a elas, se son predicibles, tomar a iniciativa de cambio temático ou formularlle comentarios ao interlocutor.
- Empregar estratexias de cooperación para contribuír a manter a interacción e asegurar a comprensión.

3.4. Producción e coprodución de textos escritos

- Redactar textos sinxelos, coherentes e cohesionados, coidando os aspectos formais e a corrección ortográfica e de puntuación para que sexan comprensibles para o lector.
- Transmitir e solicitar información e ideas sobre temas tanto abstractos como concretos, explicándose ou preguntando con razoable precisión.
- Resumir información de diversas fontes e realizar paráfrases sinxelas de pasaxes breves escritas, empregando as palabras e a ordenación do texto orixinal.
- Escribir descricións, narracións, presentacións e cartas persoais sobre experiencias, sentimentos e reaccións, acontecementos e contidos diversos, en textos sinxelos, en lingua estándar, organizados con orde e claridade, cohesionados e con amplitude de vocabulario suficiente para expresarse con eficacia nos temas pertinentes.
- Conseguir comunicar as ideas principais que se queren transmitir empregando calquera recurso dispoñible e logrando a comunicación cos medios de que se dispón para expresarse.

3.5. Mediación oral e escrita

- Interpretar durante intercambios entre amigos/as, coñecidos/as, familiares ou colegas, nos ámbitos persoal e público (p. ex. en reunións sociais, cerimoniais, eventos, ou visitas culturais), sempre que poida pedir confirmación dalgúns detalles.

- Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral da información e as opinións.
- Tomar notas escritas sinxelas para terceiras persoas recollendo os puntos e os aspectos máis relevantes, durante unha presentación clara e directa nunha variedade estándar da lingua, sobre temas coñecidos ou habituais.
- Resumir por escrito os puntos principais expresados en conversacións, entre dúas ou máis persoas interlocutoras, claramente estruturadas, articuladas a velocidade normal e nunha variedade estándar da lingua, sobre temas de interese persoal ou do propio campo de especialización nos ámbitos académico e profesional.

4. Contidos. Secuenciación e temporalización

Os contidos e obxectivos do curso Intermedio Integrado están distribuídos en **13** unidades didácticas, repartidas en 2 cuadrimestres cada unha delas dividida en diferentes apartados:

Para lograr as aprendizaxes establecidas para este nivel, realízanse actividades da lingua que impliquen procesos para producir e recibir textos relacionados con temas incardinados en ámbitos específicos, poñendo en xogo as estratexias máis axeitadas para levar a cabo as tarefas que se deban realizar.

TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 1: *Prohibido prohibir*

NIVEL	B1 (Intermedio Integrado)	TEMPORALIZACIÓN	4 sesións de 120 minutos (1º cuadr.)
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro de texto Fotocopias, audios e vídeos Internet	MODALIDADE DE TRABALLO	Individual e grupos
OBXECTIVOS			
Tarefa final	Establecer as normas da clase.		
CO	Comprender o relato de experiencias individuais relacionadas con choques culturais		
CE	Relacionar imaxes con texto escrito Resumir as ideas principais dun texto		
PCOM	Reflexionar en grupo sobre normas, costumes, modo de vida, gastronomía e concepción da morte en España facendo unha comparativa cós diferentes países de orixe dos alumnos		
PCEM	Escribir un texto para describir unha festa ou tradición do país de orixe Redactar por parellas e en grupo das normas da clase		
COMPETENCIAS E CONTIDOS		TEMA: Relacións humanas e sociais e educación	
I-Socioculturais e sociolingüísticos	II-Estratéxicos e de mediación	III- Funcionais	IV- Discursivos
As normas de cortesía en España e contraste coas doutros países; as costumes, os horarios	Recursos para iniciar unha conversa cotiá: o tempo, o fútbol, o tráfico, etc. Respectar e mediar en situación sociais moi codificadas	Expresar prohibición, obrigatoriedade e impersonalidade Intercambiar información sobre hábitos cotiáns Levar a cabo con naturalidade as funcións sociais máis habituais como saudar, despedirse, presentarse, felicitar, facer cumpridos, eloxiar, agradecer, dar excusas, expresar bos desexos.	Cuestionario sobre os costumes españois Diálogos de situacións sociais (oral) Carteis con prohibicións e obrigas
V- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico	VI-Léxicos	VII- Sintácticos e gramaticais	
Adecuación da entoación á hora de ler un texto, de formular preguntas ou de responder a diferentes cuestión formuladas. Práctica da dicción e dos sons que presentan maior dificultade Recoñecemento e uso das formas ortotipográficas específicas	Formas de tratamento habituais (Usted/ustedes) Cuantificadores: <i>todo el mundo/ la mayoría /muchos/algunos/nadie</i> Fórmulas sociais máis usuais: <i>felicidades, me gusta/encanta tu casa, gracias por, lo siento, es que..</i>	- Presenza do pronome suxeito con valor - Construcións: <i>é normal/habitual/raro + infinitivo</i> <i>Soler + infinitivo</i> - Repaso dalgunhas irregularidades do presente de indicativo; - <i>Prohibido + infinitivo, está (n) prohibido/a/os/as + sustantivo, se prohíbe(n) + sustantivo, no se permite/n + sustantivo/infinitivo, no está (n) permitido/a/os/ás - sustantivo, no se admite(n) + sustantivo; está prohibido/no se permite/no se puede/no dejan + infinitivo; es obligatorio + infinitivo; es/son obligatorio/a/os/as + sustantivo; (No) es normal/habitual/frecuente/raro + infinitivo; se para expresar impersonalidade</i>	
AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES			
Comprende o relato de experiencias individuais relacionadas con choques culturais Resume as ideas principais dun texto Formula normas Describe e contrasta diferencias de costumes e modos de vida entre España e os seus países de orixe Media na comprensión e aceptación desas diferencias Escribe unha descrición dunha festa ou tradición do seu país de orixe Negocia e redacta as normas da clase			

TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 2: *Volver a empezar*

NIVEL	B1 (Intermedio Integrado)	TEMPORALIZACIÓN	4 sesións de 120 minutos (1º cuadr.)
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro de texto Fotocopias, audios e vídeos Internet	MODALIDADE DE TRABAJO	Individual e grupos
OBXECTIVOS			
Tarefa final	Elaborar a carta de presentación dun candidato a un posto de traballo Simular unha entrevista de traballo		
CO	Comprender unha conversa informal entre amigos Comprender o relato oral de experiencias vitais dunha persoa		
CE	Entender e situar en orde cronolóxica a información relativa á vida dunha persoa Comprender e resumir as ideas esenciais que transmiten unha carta de presentación ou un correo electrónico		
PCOM	Reflexionar en voz alta, por parellas ou en grupo sobre o mundo do traballo e a importancia outorgado ao mesmo Analizar en grupo diferentes situacións de cambio na vida dunha persoa		
PCEM	Contestar a cuestións relacionadas coa propia experiencia vital e profesional Escribir unha carta de presentación para un posto de traballo		
COMPETENCIAS E CONTIDOS		TEMA: Traballo e formación	
I-Socioculturais e sociolingüísticos	II-Estratéxicos e de mediación	III- Funcionais	IV- Discursivos
Biografía de personaxes coñecidas do mundo hispano Pluralidade lingüística en España e América Breve historia do español O sistema académico español e características do mundo laboral	Seleccionar a información relevante nun texto de audio Elixir un título que resume mellor un texto escrito.	Dar información sobre si mesmos Pedir información sobre outras persoas Falar de hábitos no presente Relatar experiencias persoais pasadas Falar do inicio e a duración dunha acción Localizar unha acción no tempo.	Biografía Anuncios de emprego Currículo Carta de presentación solicitando un emprego Entrevista oral de traballo
V- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico	VI-Léxicos	VII- Sintácticos e gramaticais	
Adecuación da entoación á hora de ler un texto, de formular preguntas ou de responder a diferentes cuestións propostas Práctica da dicción e dos sons que presentan maior dificultade Recoñecemento e uso das formas ortotipográficas específicas	Vocabulario vinculado ao traballo, vida profesional ou académica Feitos salientables na vida dunha persoa	Oracións interrogativas con preposición + partículas interrogativas (<i>hasta, para + cuando, donde</i>) Ausencia de artigo para nomes que se refiren a unha clase (<i>¿tienes coche?</i>) Uso dos tempos do pasado: p. Perfecto, p. Indefinido e p. Imperfecto Contraste entre <i>hace</i> e <i>desde hace</i> ; entre <i>desde</i> e <i>desde que</i> ; uso de <i>ya/todavía no</i> con pretérito perfecto; Perífrases: <i>empezar a + infinitivo, acabar de + infinitivo, volver a + infinitivo, dejar de + infinitivo, estar + gerundio, llevar + gerundio, seguir + gerundio.</i>	
AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES			
Comprende unha conversa informal entre amigos Comprende e produce un relato oral de experiencias vitais feito dunha persoa e por ela/él mesma/o Entende e sitúa en orde cronolóxica a información relativa á vida dunha persoa Comprende e resume as ideas esenciais que se transmiten nunha carta de presentación/correo electrónico Fala sobre o mundo do traballo e a importancia outorgado ao mesmo Describe diferentes situacións de cambio na vida dunha persoa Contesta a cuestión orais relacionadas coa propia experiencia vital e profesional Escribe unha carta de presentación para un posto de traballo			

TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 3: *Antes y ahora*

NIVEL	B1 (Intermedio Integrado)	TEMPORALIZACIÓN	2 sesións de 120 minutos (1º cuadr.)
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro de texto Fotocopias, audios e vídeos Internet	MODALIDADE DE TRABALLO	Individual e grupos
OBXECTIVOS			
Tarefa final	Escoller cal é a parte máis interesante da historia da humanidade.		
CO	Comprender conversacións sobre as rutinas no pasado		
CE	Relacionar feitos cos titulares da prensa		
PCOM	Decidir en grupo cal foi o momento máis interesante da historia da humanidade Decidir cal foi o invento máis importante da historia da humanidade Describir como era a súa infancia		
PCEM	E		
COMPETENCIAS E CONTIDOS		TEMA: Relacións humanas e sociais e educación	
I-Socioculturais e sociolingüísticos	II-Estratéxicos e de mediación	III- Funcionais	IV- Discursivos
Os diferentes períodos históricos e diferenzas coa actualidade Os momentos máis importantes da historia de España O Franquismo e a transición á democraci	Aceptar ou rexeitar unha opinión nun debate dirixido.	Falar de diferentes períodos históricos e facer comparacións coa actualidade Describir rutinas no pasado Describir etapas vitais	Etapas do pasado Infografías
V- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico	VI-Léxicos	VII- Sintácticos e gramaticais	
Adecuación da acentuación segundo o grao de afirmación A acentuación do pretérito imperfecto	As viaxes Períodos históricos Etapas da vida	O pretérito imperfecto en descrições de rutinas do pasado. Marcadores de contraste entre imperfecto e indefinido ya no / todavía Marcadores temporais do presente: <i>cuando era niña, de joven, a los 15 años...</i> Marcadores temporais do presente: <i>actualmente, ahora, en estos momentos, hoy en día...</i>	
AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES			
Comprende relatos da vida no pasado Describe etapas da súa vida Describe rutinas no pasado Comprende textos breves sobre a historia de España Escribe descrições no pasado Media e negocia nun debate dirixido			

TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 4: *Mañana*

NIVEL	B1 (Intermedio Integrado)	TEMPORALIZACIÓN	4 sesións de 120 minutos (1º cuadr.)
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro de texto Fotocopias, audios e vídeos Internet	MODALIDADE DE TRABALLO	Individual e grupos
OBXECTIVOS			
Tarefa final	Imaxinar como será a vida e como seremos dentro duns anos.		
CO	Comprender diálogos nos que se reflexiona sobre o futuro do planeta, se trazan plans persoais para o futuro ou se fan pronósticos sobre o futuro Entender a mensaxe que trasmiten as cancións		
CE	Relacionar imáxenes e números con textos escritos Resumir as ideas principais dun texto		
PCOM	Reflexionar en grupo sobre a situación do planeta e os cambios que experimenta a sociedade; e buscar solucións para que no futuro a terra sexa un lugar habitable		
PCEM	Escribir prediccións para os compañeiros de clase, baseándose nun coñecemento previo dos mesmos Reescribir a letra dunha canción		
COMPETENCIAS E CONTIDOS		TEMA: Ciencia e tecnoloxía (avances tecnolóxicos)	
I-Socioculturais e sociolingüísticos	II-Estratéxicos e de mediación	III- Funcionais	IV- Discursivos
As artes adivinatorias O futuro do mundo hispano	A diferenza de entoación das advertencias con oracións condicionais	Falar de accións e situacións futuras; expresar condicións; formular hipóteses sobre o futuro.	Predicións Horóscopos Artigos Axenda Conversa cun futurólogo
V- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico	VI-Léxicos	VII- Sintácticos e gramaticais	
Adecuación da entoación á hora de ler un texto, de formular preguntas ou de responder a diferentes cuestións propostas, advertir... Recoñecemento e uso das formas ortotipográficas específicas	As artes adivinatorias Problemas do mundo marcadores temporais para falar do futuro: <i>mañana, pasado mañana, el sábado, este jueves, este año, esta mañana dentro de dos años, el mes que viene, el lunes próximo...</i>	Futuro imperfecto, formas e algúns usos <i>Si + presente de indicativo.... + futuro</i> <i>Depende de + sust</i> Recursos para formular hipótese: <i>seguramente, probablemente, posiblemente, seguro que, supongo que + futuro imperf.</i>	
AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES			
Comprende diálogos sobre o futuro do planeta Expresa plans persoais para o futuro Fai pronósticos sobre o futuro Entende a mensaxe que trasmiten as cancións Resume as ideas principais dun artigo sobre o futuro do planeta Describe oral e por escrito a situación do planeta e os cambios que experimenta a sociedade Da solucións para que no futuro a terra sexa un lugar habitable Escribe prediccións para os compañeiros de clase Transmite e media para entender e facer entender a letra dunha canción			

TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 5: *Va y le dice*

NIVEL	B1 (Intermedio Integrado)	TEMPORALIZACIÓN	4 sesións de 120 minutos (1º cuadr.)
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro de texto Fotocopias, audios e vídeos Internet	MODALIDADE DE TRABALLO	Individual e grupos
OBXECTIVOS			
Tarefa final	Crear un guión resumindo o argumento dunha película.		
CO	Comprender fragmentos de conversacións alleas Entender un tráiler dunha película Comprender os diálogos dunha escena dunha película		
CE	Relacionar imaxes con texto escrito Resumir as ideas principais dunha sinopse dun libro/película Entender unha programación de televisión		
PCOM	Entender programas sobre versións cinematográficas de clásicos literarios Contar e entender chistes Contar anécdotas		
PCEM	Redactar a sinopsis dun libro ou película Escribir un pequeno guión cinematográfico		
COMPETENCIAS E CONTIDOS		TEMA: O cine, a tv e actividades de ocio	
I-Socioculturais e sociolingüísticos	II-Estratéxicos e de mediación	III- Funcionais	IV- Discursivos
Os chistes e estereotipos no mundo hispano, o cine en España e en América Latina.	Seleccionar a información relevante para relatar un acontecemento.	Relatar en presente Resumir un argumento Describir onde e cando acontece algo Falar de películas, novelas, programas de televisión e valoralos	Programacións de televisión Cartelera de cine Guía do ocio Chistes Fragmentos de películas Anuncios publicitarios
V- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico	VI-Léxicos	VII- Sintácticos e gramaticais	
Adecuación da entoación á hora de ler un texto, de formular preguntas ou de responder a diferentes cuestións propostas Recoñecemento e uso das formas ortotipográficas específicas	Vocabulario referente ao cinema, á televisión e ao teatro Tipos de películas Recursos para relatar argumentos: <i>va de; la serie/película cuenta/habla/trata de...; está ambientada en; (no) vale la pena</i>	- Conectores para organizar un relato: <i>de repente, entonces, al final</i> , etc - Repaso dos pronomes de OD e OI.	
AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES			
Comprende fragmentos de conversacións alleas sobre anécdotas persoais Entende un tráiler dunha película Comprende os diálogos dunha escena dunha película Resume as ideas principais dunha sinopse dun libro/película Entende unha programación de televisión Entende programas de radio sobre versións cinematográficas de clásicos literarios Reflexiona por parellas sobre a actuación en determinadas situación Conta e entende chistes Conta anécdotas persoais e doutra/os Redacta a sinopse dun libro ou película Escribe un pequeno guión cinematográfico			

TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 6: *Busque y compare*

NIVEL	B1 (Intermedio Integrado)	TEMPORALIZACIÓN	4 sesións de 120 minutos (1º cuadr.)
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro de texto Fotocopias, audios e vídeos Internet	MODALIDADE DE TRABAJO	Individual e grupos
OBXECTIVOS			
Tarefa final	Deseñar unha campaña de publicidade para os cursos de Español da EOI		
CO	Comprender e seguir instrucións Comprender anuncios publicitarios de radio e televisión		
CE	Comprender anuncios publicitarios na prensa escrita e na web Extraer e transmitir as intencións dun anuncio publicitario		
PCOM	Comprender o papel da publicidade na sociedade Analizar e extraer a/s mensaxes/s análise de campañas publicitarias		
PCEM	Interpretar os slogans dos anuncios publicitarios Relacionar slogans coas imaxes, a música e demais recursos e o contexto sociocultural Redactar e expoñer unha campaña publicitaria		
COMPETENCIAS E CONTIDOS		TEMA: Saúde e coidados físicos e bens e servizos	
I-Socioculturais sociolingüísticos	II-Estratéxicos e de mediación	III- Funcionais	IV- Discursivos
Os anuncios publicitarios no mundo hispano: diferencias As mensaxes e o estilo da publicidade en España	Seleccionar vocabulario útil para elaborar unha campaña publicitaria.	Recomendar e aconsellar Dar instrucións Describir un anuncio	Anuncios de radio e televisión Campañas publicitarias de radio e televisión Instrucións
V- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico	VI-Léxicos	VII- Sintácticos e gramaticais	
A entoación diferenciada según a intencións do interlocutor á hora de empregar o modo imperativo	Vocabulario vinculado ao mundo da publicidade: valores, soportes, elementos dun anuncio... Tarefas do fogar	O imperativo afirmativo e negativo A posición do pronome co uso do imperativo afirmativo e negativo (<i>tómalo, no te lo tomes</i>) en perífrase con infinitivo e gerundio (<i>tomarlo, tomándolo</i>) Uso de <i>poder+ inf; deber+ infin, hay que...</i>	
AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES			
Comprende e sigue instrucións dadas Comprende anuncios publicitarios de radio e televisión Comprende anuncios publicitarios na prensa escrita e na web Extrae e transmite as intencións dun anuncio publicitario Comprende o papel da publicidade na sociedade Analiza e extrae a/s mensaxes/s a partir da análise de campañas publicitarias Interpreta os slogans dos anuncios publicitarios, relacionándoos coas imaxes, a música e demais recursos e o contexto sociocultural Redacta e expón unha campaña publicitaria			

TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 7: *Basta ya*

